

MYKES

Boletín do Grupo Micolóxico Galego
“Luis Freire”

Volume 12
2009

APORTACIÓN AO COÑECEMENTO DO XÉNERO *LECCINUM* GRAY EN GALICIA (N.O. DA PENÍNSULA IBÉRICA)

por

O.REQUEJO¹ et N.F.ANDRÉS-RODRÍGUEZ²

REQUEJO, O. et ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. 2009. Aportación ao coñecemento do xénero *Leccinum* Gray en Galicia (N.O. da Península Ibérica). *Mykes* 12: 7-13.

RESUMO:

Descríbense dúas especies do xénero *Leccinum* Gray raras ou pouco coñecidas en Galicia.

Palabras clave: *Basidiomycota*, *Boletaceae*, *Leccinum*, coroloxía, Galicia.

REQUEJO, O. et ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F. 2009. Contribution to the knowledge of the genus *Leccinum* Gray in Galicia (NW of the Iberian Peninsula). *Mykes* 12: 7-13.

SUMMARY:

Two species of the genus *Leccinum* Gray which are rare or little known in Galicia are described here.

Key words: *Basidiomycota*, *Boletaceae*, *Leccinum*, chorology, Galicia.

INTRODUCIÓN

Leccinum Gray é un dos oito xéneros da familia *Boletaceae* Chevall. que están presentes en Galicia (SOLIÑO, 2004). Esta constituído por preto de 75 especies e presenta unha ampla distribución mundial aínda que aparecen principalmente na zona temperado norte (KIRK et al., 2008).

¹R/ Coruña nº12, Salceda de Caselas E-36470-Pontevedra. e-mail: oscarequejo@hotmail.com. Membro do Grupo Micolóxico Galego Luis Freire.

²R/ San Francisco nº31, Vigo E-36202-Pontevedra. e-mail: nicanorfloroandres@redfarma.org. Membro do Grupo Micolóxico Galego Luis Freire.

Por agora, en Galicia foron encontrados 13 taxons (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, *com. pers.*). Están ben caracterizados macroscopicamente polo seu estipe, xeralmente largo con respecto ao píleo e que presenta unha ornamentación granulosa. A carne cambia de cor na maioría das especies e ten tendencia a negrexar.

Dende o presente estudo, preténdese aportar novos datos ao coñecemento de dito xénero, con descrições de material correspondente a *Leccinum crocipodium* (Letell.) Watling e *Leccinum holopus* (Rostk.) Watling, ambos escasamente citados en Galicia.

METODOLOXÍA

O estudo levouse a cabo seguindo os traballos de MUÑOZ (2000, 2005), BREINTENBACH *et* KRÄNZLIN (1991) e ALESSIO (1985).

As descrições macroscópicas dos exemplares proveñen de anotacións tomadas en fresco durante a recollida. A revisión microscópica fíxose co material previamente deshidratado, e os reactivos usados foron: Vermello Congo e KOH (10%). As observacións fixéronse cun microscopio Nikon E100 con obxectivos de 40x e 100x, e oculares de 10x. As medicións das estruturas mais relevantes se fixeron mediante o programa ProgRes® CapturePro 2.7 asociado á cámara dixital Jenoptic CT3. As *exsiccata* atópanse depositadas no herbario LOU-Fungi do Centro de Investigación Forestais e Información Ambiental - CINAM- de Lourizán, Pontevedra.

CATÁLOGO DE ESPECIES

Leccinum crocipodium (Letell.) Watling, *Trans. et Proc. Bot. Soc. Edinburgh* 39(2): 200. 1961

Macroscopía

Sombreiro hemisférico cando xove, amplamente aplanado en exemplares maduros, de 50 a 120 mm de diámetro, que pode chegar a 160. Cutícula de cor ocre escura a marrón coa marxe lixeiramente excedente. A pileipellis cuartease de xeito notable coa idade e o tempo seco, deixando ver a carne do sombreiro de cor ocre clara case branca.

Himenio tubular, tubos de 5 a 15 mm de largo, poros de cor gris rosada que negrexan intensamente co roce.

Pé centrado, robusto, máis groso no centro, estreitándose na zona basal. De 50 a 100 mm de largo e 20 a 35 mm de ancho, de cor ocre clara a ocre es-

cura con granulacións ocre escuras a pardas, menos visibles co envellecemento. Carne ocre amarela, ao corte toma cor azulada nos primeiros intres que pasa a gris escura case negra en poucos minutos.

Microscopía

Basidiosporas (n= 153) de (10,9) 12,3-17,2 (18,8) x (4,8) 5,0-6,9 (7,5) μm ; valor medio 14,7 x 5,9 μm . Q= (1,9) 2,0-2,9 (3,2); Qm= 2,5. Volume medio: 219 μm^3 . Entre fusiformes e elipsoides co poro apical ben definido e unha pequena depresión que lle da aspecto de “pingüín”. Lisas, gutuladas, de paredes grosas, cor amarela a ocre olivácea. Basidios tetraspóricos, de 30-45 x 12-14,5 μm , craviformes. Cistidios de craviformes a fusiformes, de 60-70 x 10-15 μm . Epicute con hifas septadas e elementos terminais redondeados que se estreitan lixeiramente e esferocistos de 15 x 13 μm .

Esporada pardo olivácea.

Observacións

Taxón pertencente a sección *Luteoscabra*. Revisando algúns traballos de MUÑOZ (1996, 2000, 2005) atopámonos con que é una especie común na cornixa Cantábrica e mostra preferencia polo bosque húmido tipo Atlántico. Poderíase confundir con dúas especies cuxa ecoloxía vai ligada a bosques de tipo Mediterráneo: *Leccinum corsicum* (Rolland) Singer, frecuente en bosques de *Cystus sp. e, L. lepidum* (H.Bouchet ex Essette) Bon et Contu, recentemente citado para Galicia (TOMÉ ORTEGA, 2009), que crece baixo aciñeiras (*Quercus ilex* L.) e sobreiras (*Quercus suber* L.).

Para a identificación diferencial fronte a estas dúas especies próximas nos baseamos tanto nos valores ecolóxicos, a súa presenza baixo *Quercus robur* L., como nas características macroscópicas e microscópicas. o tamaño e o intenso agretamento da pileipellis que ten lugar na madurez, o paso da carne por unha cor violeta antes de negrexar, as basidiosporas máis curtas e anchas que nas outras dúas especies, cun Qm= 2,5 que coincide co valor indicado por MUÑOZ (2005), aínda que as medidas varían notablemente segundo os autores (BREITENBACH et KRÄNZLIN, 1991; MUÑOZ, 1996, 2005).

Esta especie só foi citada para Galicia en Ourense (RUÍZ et EIROA, 2003) aínda que non se indica número de *exsiccata*.

Material estudado

ESP, Pontevedra, Vigo, Saiáns, 29TNG1668, en bosque mixto (*Quercus robur* L. e *Pinus pinaster* Ait.), en solo ácido e algo areoso, 19-XI-2008, leg. V.Tato, LOU-Fungi 19703.



Fig. 1. *Leccinum crocipodium* (Letell.) Watling




Fig. 2. Esporas de *Leccinum crocipodium* (Letell.) Watling

***Leccinum holopus* (Rostk.) Watling, *Trans. Brit. Mycol. Soc.* 43: 692. 1960**

Macroscopía

Píleo hemisférico de 80-90 mm con tendencia a aplanarse, marxe excedente. Cor crema case branca, reflexos ocre-rosados sobre todo no centro e marrón ferruginoso en zonas dañadas ou agredidas. Zona himenial formada por tubos largos de hasta 15 mm, inmutables ao contacto co aire. Poros redondos, de cor branca que se enferruxan ao rozamento. Estipe de 100 mm de alto, engrosando ata 30 mm na base, branco, recuberto de unha granulación ferruginosa mais escura cara a base. Carne branca inmutable ao contacto co aire, excepto na base que escurece lixeiramente. Con sulfato ferroso toma una coloración gris azulada na carne e na cutícula.

Microscopía

Basidiosporas elipsoides ou lixeiramente fusiformes ($n=92$) de $(10,3) 11,2-18,2 (18,4) \times (4,2) 4,3-6,4 (6,9) \mu\text{m}$, valor medio $14,7 \times 5,3$ e $Q_m=2,8$. Volume medio: $179,01 \mu\text{m}^3$. Presentan apéndice hifal ben definido, cunha lixeira depresión na base. Basidios $25-31 \times 10 \mu\text{m}$, craviformes, tetraspóricos coa presenza de algún bispórico. Cistidios fusiformes, ventricosos e mucronados de $30-45 \times 9-10 \mu\text{m}$. Pileipelis formada por un tricoderma de hifas case paralelas con elementos de ata $83 \times 7,5 \mu\text{m}$, elementos terminais atenuados. Presenta unha pigmentación marrón amarelenta en KOH 10%. Caulocistidios anchamente fusiformes ou craviformes, mucronados de $40-74,21 \times 12-23 \mu\text{m}$. Non se observaron fíbulas.

Observacións

Tan só queremos destacar a reacción fronte o sulfato ferroso que nos apareceu gris azulado, cor que recorda máis á especie *L. rotundifoliae* que á *L. holopus*, xa que este último presenta unha cor verdosa con tendencia ao amarelo (MUÑOZ, 2006). Os datos microscópicos non deixa lugar a dúbidas de cara á identificación do taxon, os cistidios e caulocistidios de *L. holopus* son máis largos.

É un taxon distribuído maioritariamente polo Norte de Europa que pertence á sección *Scabra*, subsección *Olivascentes*, xunto con especies que na madurez adquiren coloracións verdosas.

En Galicia só está citado na provincia de Pontevedra (CASTRO, 1995) e na de Lugo (MARCOTE *et al.*, 2003).

Material estudado

ESP, Pontevedra, Mos, parque As Pedriñas, 29TNG2772, baixo *Betula alba* L., 09-XII-2008, leg. O.Requejo, LOU-Fungi 19700.



Fig. 3. *Leccinum holopus* (Rostk.) Watling

AGRADECIMENTOS

A nosa mais sincera gratitude a Marisa Castro polas aportacións bibliográficas, e a Vicente Tato pola súa cesión de material.




Fig. 4. Esporas de *Leccinum holopus* (Rostk.) Watling




Fig. 5. Caulocistidios de *Leccinum holopus* (Rostk.) Watling

BIBLIOGRAFÍA

- ALESSIO, C.L. 1985. *Boletus* Dill. ex L. (*sensu lato*). Vol. 2. Giovanna Biella. Saronno.
- BREINTENBACH, J. et KRÄNZLIN, F. 1991. *Champignons de Suisse. Tome 3. Bolets et champignons à lames, 1ère partie. Strobilomycetaceae et Boletaceae, Paxillaceae, Gomphidiaceae, Hygrophoraceae, Tricholomataceae, Polyporaceae (lamellées)*. Ed. Mykologia. Lucerne.
- CASTRO, M.L. 1995. Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi, 5323-5370. *Anales Jard. Bot. Madrid* 53(1): 103-105.
- KIRK, P.M., CANNON, P.F., MINTER, D.W. et STALPERS, J.A. (eds.) 2008. *Ainsworth et Bisby's Dictionary of the Fungi*. 10th edition. CABI Europe-UK, Cromwell Press.
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. et TRABA, J.M., 2003. *Cogomelos de Galicia*. Xunta de Galicia.
- MUÑOZ, J.A. 1996. Algunas consideraciones sobre *Leccinum lepidum* (Bouchet) Quadraccia, *L. crocipodium* (Letellier) Watling y *L. corsicum* (Rolland) Singer. *Belarra* 13: 11-18.
- MUÑOZ, J.A. 2000. El género *Leccinum* S.F.Gray en el Norte de España. *Fungi non delineati*. 13: 1-47.
- MUÑOZ, J.A. 2005. *Fungi Europaei* 2. *Boletus s.l. (excl. Xerocomus)*. *Strobilomycetaceae, Gyroporaceae, Gyrodontaceae, Suillaceae, Boletaceae*. Ed. Candusso. Italia.
- MUÑOZ, J.A. 2006. Una recolecta de *Leccinum holopus* en el Pinar de Lillo (León). *Bol. Micol. FAMCAL* 1: 21-23.
- RUÍZ LEIVAS, C. et EIROA GARCÍA-GARBAL, J.A. 2003. Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos *Cad. Fraseol. Galega* 4: 371-387.
- SOLIÑO, A. 2004. *Macromicetos de Galicia: catálogo bibliográfico y distribución (1850-2002)*. Universidade de Vigo. [Tese de Doutoramento, inédita].
- TOMÉ ORTEGA, J.L. 2009. *Leccinum lepidum* (Bouchet) Quadr., primeira cita para Galicia. *Tarrelas* 11: 12-14.